Todo este coñecemento envórcase en destrezas de autorregulación e control inherentes á competencia de aprender a aprender, que se concretan en estratexias de planificación nas que se reflicte a meta de aprendizaxe que se persegue, así como o plan de acción que se ten previsto aplicar para alcanzala; estratexias de supervisión dende as que o estudante vai examinando a adecuación das accións que está a desenvolver e a aproximación á meta; e estratexias de avaliación dende as que se analiza tanto o resultado como do proceso que se levou a cabo. A planificación, supervisión e avaliación son esenciais para desenvolver aprendizaxes cada vez máis eficaces. Todas elas inclúen un proceso reflexivo que permite pensar antes de actuar (planificación), analizar o curso e o axuste do proceso (supervisión) e consolidar a aplicación de bos plans ou modificar os que resultan incorrectos (avaliación do resultado e do proceso). Estas tres estratexias deberían potenciarse nos procesos de aprendizaxe e de resolución de problemas nos que participan os estudantes.

Aprender a aprender maniféstase tanto individualmente coma en grupo. En ambos os dous casos o dominio desta competencia iníciase cunha reflexión consciente acerca dos procesos de aprendizaxe aos que se entrega un mesmo ou o grupo. Non só son os propios procesos de coñecemento, senón que tamén o modo en que os demais aprenden se converte en obxecto de escrutinio. De aí que a competencia de aprender a aprender se adquira tamén no contexto do traballo en equipo. O profesor debe procurar que os estudantes sexan conscientes do que fan para aprender e busquen alternativas. Moitas veces estas alternativas póñense de manifesto cando se trata de descubrir que é o que fan os demais en situacións de traballo cooperativo.

Respecto ás actitudes e valores, a motivación e a confianza son cruciais para a adquisición desta competencia. Ambas as dúas potencianse dende a formulación de metas realistas a curto, medio e longo prazo. Ao alcanzarse as metas aumenta a percepción de auto-eficacia e a confianza, e con iso elévanse os obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva. As persoas deben ser capaces de apoiarse en experiencias vitais e de aprendizaxe previas co fin de utilizar e aplicar os novos coñecementos e capacidades noutros contextos, como os da vida privada e profesional, a educación e a formación. Saber aprender nun determinado ámbito implica ser capaz de adquirir e assimilar novos coñecementos e chegar a dominar capacidades e destrezas propias do devandito ámbito. Na competencia de aprender a aprender pode haber certa transferencia de coñecemento dun campo a outro, aínda que saber aprender nun ámbito non significa necesariamente que se saiba aprender noutro. Por iso, a súa adquisición debe levarse a cabo no marco do ensino das distintas áreas e materias do ámbito formal, e tamén dos ámbitos non formais e informais.

Para o axeitado desenvolvemento da competencia de aprender a aprender requírese dunha reflexión que favoreza un coñecemento dos procesos mentais aos que se entregan as persoas cando aprenden, un coñecemento sobre os propios procesos de aprendizaxe, así como o desenvolvemento da destreza de regular e controlar a propia aprendizaxe que se leva a cabo.

O profesorado que imparte esta materia deberá xerar a suficiente curiosidade nos alumnos por coñecer o mundo clásico, a necesidade de aprender tanto os aspectos lingüísticos, coma os culturais, reflexionado sobre a utilidade dos contidos para a súa propia formación. Tamén se deberá producir unha continua e axeitada reflexión acerca do proceso de aprendizaxe dunha lingua clásica, partindo dos coñecementos previos da súa propia lingua. Os alumnos deberán participar na creación de estratexias posibles para a adquisición dos coñecementos lingüísticos que nos achega o estudo do grego clásico.

3.5. Competencias sociais e cívicas (CSC)



As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida dende as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social. Trátase, polo tanto, de xuntar o interese por afondar e garantir a participación no funcionamento democrático da sociedade, tanto no ámbito público como privado, e preparar as persoas para exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social grazas ao coñecemento de conceptos e estruturas sociais e políticas e ao compromiso de participación activa e democrática.

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Esixe entender o modo en que as persoas poden procurarse un estado de saúde física e mental óptimo, tanto para elas mesmas coma para as súas familias e para o seu ámbito social próximo, e saber como un estilo de vida saudable pode contribuír a iso. Para poder participar plenamente nos ámbitos social e interpersonal é fundamental adquirir os coñecementos que permitan comprender e analizar de xeito crítico os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e ámbitos, así como as súas tensións e procesos de cambio. A mesma importancia ten coñecer os conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, a igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, a sociedade e a cultura. Así mesmo, é esencial comprender as dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas e percibir as identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural dinámico e cambiante en interacción coa europea, nun contexto de crecente globalización.

Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de comunicarse dun xeito construtivo en distintos ámbitos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía. As persoas deben ser capaces de xestionar un comportamento de respecto ás diferenzas expresado de xeito construtivo. Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade. As persoas deben interesarse polo desenvolvemento socioeconómico e pola súa contribución a un maior benestar social de toda a poboación, así como a comunicación intercultural, a diversidade de valores e o respecto ás diferenzas, ademais de estar dispostas a superar os prexuízos e a comprometerse neste sentido.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional. Isto inclúe o coñecemento dos acontecementos contemporáneos, así como dos acontecementos máis destacados e das principais tendencias nas historias nacional, europea e mundial, así como a comprensión dos procesos sociais e culturais de carácter migratorio que implican a existencia de sociedades multiculturais no mundo globalizado.

As destrezas desta competencia están relacionadas coa habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público e para manifestar solidariedade e interese por resolver os problemas que afecten ao ámbito escolar e á comunidade, xa sexa local ou máis ampla. Leva consigo a reflexión crítica e creativa e a participación construtiva nas actividades da comunidade ou do ámbito mediato e inmediato, así como a toma de decisións nos contextos local, nacional ou europeo e, en particular, mediante o exercicio do voto e da actividade social e cívica. As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, sexa cual sexa o sistema de valores adoptado. Tamén inclúe manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos. A participación construtiva inclúe tamén as actividades cívicas e o apoio á diversidade e a cohesión sociais e ao desenvolvemento sostible, así como a vontade de respectar os valores e a intimidade dos demais e a recepción reflexiva e crítica da información procedente dos medios de comunicación.

Polo tanto, para o axeitado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender e entender as experiencias colectivas e a organización e funcionamento do pasado e presente das sociedades, a realidade social do mundo no que se vive, os seus conflitos e as motivacións destes, os elementos que son comúns e os que son diferentes, así como os espazos e territorios en que se desenvolve a vida dos grupos humanos, e os seus logros e problemas, para comprometerse persoal e colectivamente na súa mellora, participando así

de xeito activo, eficaz e construtivo na vida social e profesional. Así mesmo, estas competencias incorporan formas de comportamento individual que capacitan as persoas para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, dinámica, cambiante e complexa para relacionarse cos demais; cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos e propoñer activamente perspectivas de afrontamento, así como tomar perspectiva, desenvolver a percepción do individuo en relación á súa capacidade para influír no social e elaborar argumentacións baseadas en evidencias. Adquirir estas competencias supón ser capaz de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

Os contidos relativos á cultura e civilización grega contribúen de forma importante ao desenvolvemento desta competencia, xa que o estudo da sociedade grega, os seus modos de vida, e, por suposto, os seus diferentes sistemas políticos nos axuda a entender o noso propio modo de vida. Non esquezamos que o pensamento grego está nos alicerces da nosa cultura occidental. É relevante para o desenvolvemento desta competencia o estudo da orixe de termos como monarquía, aristocracia, oligarquía, tiranía e, por suposto, democracia, que fomentan o feito de que os alumnos afronten con espírito crítico a comprensión, da civilización actual. Tamén o é a comparación das antigas sociedades escravistas, politeístas e patriarcais coa nosa civilización actual, que comprenderemos mellor a partir do estudo das estruturas antigas.

O modo de vida, a conduta e a organización política do mundo grego nas diversas etapas da súa historia achegan infinidade de exemplos e modelos que se repetiron e se seguen repetindo en moitos e variados momentos da nosa civilización occidental, da que é nai e orixe. O coñecemento das formas de vida, de relación e de organización clásicas contribúe á competencia social e cidadá; o estudo dos sistemas de goberno, dos dereitos e deberes dos cidadáns nas sociedades clásicas, permiten establecer comparacións cos modos de organización sociopolíticos actuais e favorecen a emisión de xuízos críticos dos alumnos. Todo iso fomenta a actitude participativa do alumnado na resolución de conflitos sabendo negociar e aplicar as normas que nos permiten a igualdade social e cidadá.

3.6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)



A competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (autonomía e iniciativa persoal) implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto. Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral nos que se desenvolven as persoas, permitíndolles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o alicerce doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a

conciencia dos valores éticos relacionados. A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendimento. Neste sentido, a súa formación debe incluír coñecementos e destrezas relacionados coas oportunidades de carreira e o mundo do traballo, a educación económica e financeira ou o coñecemento da organización e os procesos empresariais, así como o desenvolvemento de actitudes que leven consigo un cambio de mentalidade que favoreza a iniciativa emprendedora, a capacidade de pensar de forma creativa, de xestionar o risco e de manexar a incerteza. Estas habilidades resultan moi importantes para favorecer o nacemento de emprendedores sociais, como os denominados intraemprendedores (emprendedores que traballan dentro de empresas ou organizacións que non son súas), así como de futuros empresarios.

Entre os coñecementos que require esta competencia inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais. Tamén inclúe aspectos de maior amplitude que proporcionan o contexto no que as persoas viven e traballan, tales como a comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento das sociedades e as organizacións sindicais e empresariais, así como as económicas e financeiras; a organización e os procesos empresariais; o deseño e a implementación dun plan (a xestión de recursos humanos e/ou financeiros); así como a postura ética das organizacións e o coñecemento de como estas poden ser un impulso positivo, por exemplo, mediante o comercio xusto e as empresas sociais.

Así mesmo, esta competencia require das seguintes destrezas ou habilidades esenciais: capacidade de análise; capacidades de planificación, organización, xestión e toma de decisións; capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas; comunicación, presentación, representación e negociación efectivas; habilidade para traballar, tanto individualmente coma dentro dun equipo; participación, capacidade de liderado e delegación; pensamento crítico e sentido da responsabilidade; autoconfianza, avaliación e auto-avaliación, xa que é esencial determinar os puntos fortes e débiles dun mesmo e dun proxecto, así como avaliar e asumir riscos cando estea xustificado (manexo da incerteza e asunción e xestión do risco).

Finalmente, require o desenvolvemento de actitudes e valores como: a predisposición a actuar dunha forma creadora e imaxinativa; o autoconhecimento e a autoestima; a autonomía ou independencia, o interese e esforzo e o espírito emprendedor. Caracterízase pola iniciativa, a proactividade e a innovación, tanto na vida privada e social coma na profesional. Tamén está relacionada coa motivación e a determinación á hora de cumprir os obxectivos, xa sexa persoais ou establecidos en común con outros, incluído o ámbito laboral.

Así pois, para o axeitado desenvolvemento da competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor resulta necesario abordar:

- A capacidade creadora e de innovación: creatividade e imaxinación; autoconhecimento e autoestima; autonomía e independencia; interese e esforzo; espírito emprendedor; iniciativa e innovación.

- A capacidade pro-activa para xestionar proxectos: capacidade de análise; planificación, organización, xestión e toma de decisións; resolución de problemas; habilidade para traballar tanto individualmente como de xeito colaborador dentro dun equipo; sentido da responsabilidade; avaliación e auto-avaliación.
- A capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza: comprensión e asunción de riscos; capacidade para xestionar o risco e manexar a incerteza.
- As calidades de liderado e traballo individual e en equipo: capacidade de liderado e delegación; capacidade para traballar individualmente e en equipo; capacidade de representación e negociación.
- Sentido crítico e da responsabilidade: sentido e pensamento crítico; sentido da responsabilidade.

Pódese contribuír ao desenvolvemento desta competencia propoñendo actividades na aula que se realicen en grupo, para que cada un dos alumnos achegue de forma creativa as súas propias iniciativas que contribúan á consecución de proxectos colectivos, como no caso de textos gregos para traducir ou de elaboración de traballos en equipo ou individuais sobre os distintos aspectos da cultura grega. Na tarefa de lectura e sobre todo de tradución e interpretación dos textos clásicos está sempre moi presente a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión e toma de decisións, de adaptación ao cambio e resolución de problemas, de comunicación e presentación, así como o pensamento crítico e sentido da responsabilidade, a autoconfianza, a avaliación e a auto-avaliación, a predisposición a actuar con creatividade e imaxinación, o interese e o esforzo, e a capacidade de iniciativa e innovación.

3.7. Conciencia e expresións culturais e artísticas (CCEC)



A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Así pois, a competencia para a conciencia e expresión cultural require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural (patrimonio cultural, histórico-artístico, literario, filosófico, tecnolóxico, ambiental, etc.) a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, así como en diferentes xéneros e estilos, tanto das belas artes (música, pintura, escultura, arquitectura, cine, literatura, fotografía, teatro e danza) coma doutras

manifestacións artístico-culturais da vida cotiá (vivenda, vestido, gastronomía, artes aplicadas, folclore, festas...). Incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación das relacións existentes entre esas manifestacións e a sociedade, o cal supón tamén ter conciencia da evolución do pensamento, as correntes estéticas, as modas e os gustos, así como da importancia representativa, expresiva e comunicativa dos factores estéticos na vida cotiá.

Os devanditos coñecementos son necesarios para poñer en funcionamento destrezas como a aplicación de diferentes habilidades de pensamento, perceptivas, comunicativas, de sensibilidade e sentido estético para poder comprendelas, valoralas, emocionarse e gozalas. A expresión cultural e artística esixe tamén desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade, expresadas a través de códigos artísticos, así como a capacidade de empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos. Ademais, na medida que as actividades culturais e artísticas supoñen con frecuencia un traballo colectivo, é preciso dispoñer de habilidades de cooperación e ter conciencia da importancia de apoiar e apreciar as contribucións alleas. O desenvolvemento desta competencia supón actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto polas diferentes manifestacións artísticas e culturais, e pola conservación do patrimonio. Esixe así mesmo valorar a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural, o diálogo entre culturas e sociedades e a realización de experiencias artísticas compartidas. Á súa vez, leva consigo un interese por participar na vida cultural e, polo tanto, por comunicar e compartir coñecementos, emocións e sentimentos a partir de expresións artísticas.

Así pois, para o axeitado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar:

- O coñecemento, estudo e comprensión tanto dos distintos estilos e xéneros artísticos coma das principais obras e producións do patrimonio cultural e artístico en distintos períodos históricos, as súas características e as súas relacións coa sociedade na que se crean, así como as características das obras de arte producidas, todo iso mediante o contacto coas obras de arte. Está relacionada, igualmente, coa creación da identidade cultural como cidadán dun país ou membro dun grupo.
- A aprendizaxe das técnicas e recursos das diferentes linguaxes artísticas e formas de expresión cultural, así como da integración de distintas linguaxes.
- O desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias, partindo da identificación do potencial artístico persoal (aptitude e talento). Refírese tamén á capacidade de percibir, comprender e enriquecerse coas producións do mundo da arte e da cultura.
- A potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos. É dicir, a capacidade de imaxinar e realizar producións que supoñan recreación, innovación e transformación. Implica o fomento de habilidades que permitan reelaborar ideas e sentimentos propios e alleos e esixe desenvolver o autoconhecimento e a autoestima, así como a capacidade de resolución de problemas e asunción de riscos.

- O interese, aprecio, respecto, desfrute e valoración crítica das obras artísticas e culturais que se producen na sociedade, cun espírito aberto, positivo e solidario.
- A promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade en que se vive, ao longo de toda a vida. Isto leva implícitos comportamentos que favorecen a convivencia.
- O desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina como requisitos necesarios para a creación de calquera produción artística de calidade, así como habilidades de cooperación que permitan a realización de traballos colectivos.

O estudo da lingua grega e a súa cultura contribúe de xeito decisivo ao desenvolvemento desta competencia cando estudamos as diferentes manifestacións artísticas e os seus criterios estéticos, que tanto influíron en épocas posteriores, así como a comprensión dunha linguaxe artística en arquitectura e escultura que é o fundamento das obras de arte dos grandes períodos da historia da arte do mundo occidental. Do mesmo modo contribúen a esta competencia o estudo da filosofía e a literatura gregas, que supoñen o substrato cultural da nosa propia civilización. Os contidos de todo tipo relacionados cos xéneros literarios, os mitos, os tópicos, a pintura, arquitectura e arte en xeral contribúen á competencia cultural e artística, ademais de fomentar o aprecio do patrimonio grecorromano no noso país e en Europa.

4.1. Introducción

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

A situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E

que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas.

As linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas, desempeñan un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas, coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As linguas teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles mesmos.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns cunha competencia comunicativa que lles

permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Grego na etapa de bacharelato ten como primeira finalidade introducir o alumnado no coñecemento básico da lingua grega antiga nos seus aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos, co obxecto de lle permitir acceder directamente a algúns dos textos orixinais máis importantes da tradición literaria helénica, a través dos cales chegou ata nós unha boa parte do denominado legado clásico. O estudo da lingua e a literatura grega serve, ademais, como instrumento idóneo para se iniciar nun coñecemento directo do pensamento e a cultura grega antiga, que constitúen a base da civilización occidental.

Por outra banda, a través do estudo das peculiaridades morfosintácticas do grego antigo é posible chegar a comprender máis profundamente conceptos lingüísticos que resultan esenciais para avanzar no coñecemento e o uso correcto, tanto da lingua propia como doutras lingua estudadas polo alumnado.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organizouse en bloques que, con lixeiros matices, aparecen nos dous cursos. Estes bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización grega, sen as que non é posible apreciar na súa verdadeira dimensión a importancia do seu legado.

O primeiro destes bloques parte da relación entre o grego antigo e outras linguas da familia indoeuropea, para analizar o papel que estas últimas tiveron na orixe e na formación de moitas das linguas que se falan na actualidade. Para a explicación deste feito, que tradicionalmente foi presentado como un dos principais argumentos para xustificar a importancia do estudo das linguas clásicas, cómpre partir do marco xeográfico en que se desenvolve a civilización grega, marco que resulta determinante na configuración do carácter dialectal da súa lingua. Ademais, estudárase a influencia dos acontecementos históricos na evolución e no desenvolvemento das linguas literarias e na posterior converxencia dos dialectos ata chegar a constituírse a *κοινή* e o actual idioma grego. O alumnado que estuda grego clásico aprende grego moderno con notable facilidade, nomeadamente se se estudou mediante un método natural de aprendizaxe; é dicir, a metodoloxía das linguas modernas aplicada ao estudo das linguas clásicas, que cada vez máis profesorado utiliza nas súas aulas.

Ao estudo dos aspectos netamente lingüísticos dedícanse tres bloques: o primeiro, previsto só para o primeiro curso, céntrase nalgúns elementos básicos da lingua e, moi especialmente, no procedemento de escritura, comezando por percorrer os sistemas coñecidos para analizar despois a orixe

e a evolución do alfabeto grego e a súa pronuncia e transcripción ao abecedario latino; os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema son a morfoloxía e a sintaxe, dúas realidades inseparables que conforman e integran xuntas o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, facendo especial fincapé na distinción entre o procedemento temático e o aтемático, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a súa relación con outras dentro da oración. A sintaxe, á súa vez, ocúpase de estudar as estruturas oracionais gregas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade. O fin último vai ser analizar e comprender os propios textos, aos que se dedica outro dos bloques de contidos previstos nos dous cursos, sempre de dificultade progresiva e adaptados aos contidos que o alumnado manexa en cada momento.

Pero como os textos non están carentes de contido, ou iso é o desexable, preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. A lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización grega que, á fin e ao cabo, constitúe a cerna da nosa.

Nos dous cursos dedicouse un bloque ao estudo desta civilización, co obxecto de identificar non só os fitos máis importantes da súa historia senón tamén os aspectos propios da súa organización política e social e da súa identidade cultural, visibles nos papeis familiares, nos traballos, nos avances científicos e técnicos, nas festas e os espectáculos e, sobre todo, nas manifestacións relixiosas. Dentro destas merece especial atención o estudo da mitoloxía, pois a súa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental. Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas do mundo antigo, entre as que destacan, por unha banda, as relativas ás artes plásticas e máis concretamente a escultura e a arquitectura, e, pola outra, ás literarias. Procurouse neste bloque establecer sempre unha valoración desde o punto de vista do mundo contemporáneo, unha comparación coa situación actual que enriqueza a nosa identidade.

No segundo curso, o estudo da cultura grega oriéntase principalmente ao coñecemento das manifestacións literarias, aproveitando os coñecementos da lingua xa adquiridos para introducir o alumnado no estudo da orixe e a evolución dos xéneros, mediante a lectura de fragmentos das obras orixinais, utilizándoas como instrumento para comprender as claves esenciais da sociedade en que viron a luz.

En efecto, se, como dixemos, a lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para internarse no coñecemento da civilización grega, non existe mellor instrumento para o estudo de ambas as dúas que os propios textos, aos que se dedica outro dos bloques de contidos previstos nos dous cursos. Preténdese deste modo facer fincapé na

necesidade de estudar dende o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados.

Para rematar, dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces grecolatinas nas linguas modernas senón, ademais, porque contribúe a que o alumnado adquira unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos así, pouco a pouco, ao seu vocabulario.

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal.

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento; a procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesorado, deberán servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e pólos ao dispor da comunidade educativa.

As competencias sociais e cívicas poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grego, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

A competencia en conciencia e expresión cultural, ademais de no estudo da literatura grega, está moi presente nos contidos referidos ás artes plásticas, ás festas e os espectáculos, e ás manifestacións relixiosas, entre as que tamén se contan os xogos deportivos. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos e estilos artísticos, lévanos a consideralas como parte do patrimonio

dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contorno, ben sexa nas páxinas dun libro ou ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo no bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

O estudo das linguas clásicas, e do grego en particular, constitúe un instrumento fundamental para favorecer o discurso e, por tanto, a estruturación do pensamento do alumnado, o desenvolvemento da lóxica lingüística e a disciplina mental que se manteñen no tempo aínda que se esquezan os contidos concretos.

Por último, cómpre lembrar que nesta nosa sociedade que vive por e para o utilitarismo e o inmediato será imprescindible facer unha reflexión sobre o valor do que é realmente importante para que o noso alumnado adopte unha visión crítica da sociedade que o rodea. Os coñecementos adquiridos nas aulas que nun principio poden parecer carentes de utilidade práctica resultan verdadeiramente importantes cando capacitan a persoa para adoptar criterios que lle permitan discernir entre o xusto e o inxusto, o relevante e o accesorio, entre o *καλόν* e o *κακόν*.

4.2. Obxectivos



O Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a)** Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b)** Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c)** Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia, e impulsar a igualdade real e a non

discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, as linguas galega e castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

Tema 1	Tradución e interpretación de textos gregos					
Todo o curso	24.Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución	100%	4%	Exercicios de clase	Traballo de tradución	Diario de clase Probas escritas
Tema 2	Uso do dicionario					
Todo o curso	25.Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo autor	100%	4%	Exercicios de clase	Traballo de tradución	Diario de clase Probas escritas
Tema 3	Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa					
Todo o curso	26.Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos	75%	3%	Posta en común	Argumentación e debate	Diario de clase Avaliación conxunta

Tema 4	Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos					
Todo o curso	27. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente	75%	3%	Posta en común	Argumentación e debate	Diario de clase Avaliación conxunta
Tema 5	Identificación das características formais dos textos					
Todo o curso	28. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto	75%	3%	Posta en común	Argumentación e debate	Diario de clase Avaliación conxunta

Bloque 6. Léxico

Temporalización	Estándares 29-36 (8 de 8)	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación				
		Grao mínimo consecución	Peso	Actividades aprendizaxe	Instrumentos avaliación	Procedementos avaliación
Tema 1	Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común					
Todo o curso	29. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais	100%	3%	Búsqueda de helenismos en textos y lengua común	Traballo de clase	Diario de clase Probas escritas
	30. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden	100%	3%	Deducción de helenismos a partir de vocabulario usado	Exercicios de etimoloxías	
Tema 2	Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica					
Todo o curso	31. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán	100%	3%	Prácticas de búsqueda Traballo en común	Traballo de clase	Diario de clase Probas escritas
	32. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza	100%	3%	Elaboración de pequeno vocabulario etimolóxico	Exercicios de etimoloxías	
	33. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica	100%	3%	Elaboración de familias de palabras	Cadros e conxuntos	Rexistro
Tema 3	Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua					

Todo o curso	34.Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro	100%	3%	Elaboración de listados e esquemas ou cadros	Cadros e conxuntos	Rexistro
Tema 4	Descomposición de palabras nos seus formantes					
Todo o curso	35.Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado	100%	3%	Segmentación e análise	Exercicios de análise Segmentación Deducción semántica de morfemas	Diario de clase Probas escritas
	36.Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia	100%	3%			

6.2. Orientacións metodolóxicas



A materia de Grego para segundo curso de Bacharelato ten a finalidade de ampliar os coñecementos da lingua grega adquiridos no primeiro curso, e profundar na cultura da antiga Hélade. Con este propósito, preténdese estudar novos temas de filosofía, literatura, lingua e historia, dedicando unha atención especial á proxección do fenómeno cultural grego nos diversos ámbitos da civilización europea.

En primeiro lugar atenderase a actividades de comprensión, consulta bibliográfica e etimoloxías. A continuación ampliarase o coñecemento de diversos aspectos da lingua grega, como a sintaxe dos casos, a morfoloxía e a sintaxe do participio, o tema de aoristo, a tipoloxía das oracións simples e compostas, as preposicións e os adverbios. Sen perder de vista a intención básica de consolidar e poñer en práctica os contidos gramaticais estudados en 1º, propónse a comprensión e a tradución de textos orixinais de diversos autores clásicos, pero sobre todo dos dous autores gregos de época clásica que están propostos en Galicia para as probas de acceso á Universidade, isto é, Xenofonte e Platón.

Por outra banda, dedicarase atención a temas de cultura clásica baseados nos xéneros literarios: por unha banda, os xéneros da épica e o teatro ampliáanse cos heroes da guerra de Troia e con temas tan significativos como a figura trágica de Edipo; por outra, trátanse os demais xéneros representativos das letras gregas, como a lírica, a historiografía, a oratoria, a prosa didáctica e a filosofía. Historiografía, prosa didáctica e filosofía serán temas básicos a partir dos textos dos dous autores propostos para tradución. Épica, drama e lírica serán obxecto de estudo a través das lecturas obrigatorias das que se examinarán na ABAU e que constan máis abaixo no apartado de contidos e baixo o epígrafe do Plan Lector.

Todos estes contidos gramaticais, léxicos e culturais trátanse a partir dun conxunto de actividades baseadas en textos e concibidas para que o profesor poida planificar as súas clases respectando a diversidade do alumnado. Por último, como material auxiliar, traballarase cun apéndice gramatical esquematizado en cadros realizados ou dirixidos polo profesor, unha sinopse dos feitos históricos da antiga Grecia e un glosario do léxico de uso máis frecuente, que o grupo irá elaborando segundo se avance nos textos.

Este curso ha de profundar e consolidar os coñecementos de lingua e cultura grega adquiridos en Grego 1, atendendo aos contidos mínimos que se lles esixirán na ABAU, de maneira que se logre certa destreza na técnica de tradución que permita ir algo máis alá no texto para a súa comprensión e comentario. De acordo co programa de traducións proposto pola CIUG para a ABAU estudarase con especial coidado unha antoloxía de textos de Xenofonte e de Platón, que son os dous autores obxecto de exame.

O traballo diario na clase ao longo do curso ten que permitir aos alumnos:

1. Interpretar o contido de textos de complexidade progresiva utilizando os coñecementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega que o alumnado aprendeu.
2. Profundar no coñecemento do léxico da lingua propia e das linguas modernas a partir da aprendizaxe do novo vocabulario grego.
3. Utilizar técnicas de análise da lingua grega, reflexionar sobre as estruturas gramaticais da lingua de uso e comentar textos de autores gregos diversos.
4. Identificar e valorar as formas históricas, literarias e culturais da Grecia antiga como punto de partida do mundo actual.
5. Coñecer o mundo cultural, relixioso, filosófico e socio-político da Antigüidade grega a través de textos de autores gregos.
6. Apreciar os valores da lingua e cultura gregas como fonte do pensamento occidental.

Tendo en conta que é un segundo curso de Grego, o alumnado debería xa dispoñer dunha base relativamente sólida nesta lingua. En calquera caso, é aconsellable que, ao comenazar o curso, se repasen as principais cuestións morfolóxicas e sintácticas que se estudaron en primeiro: o alfabeto grego, a declinación temática e aтемática, o adxectivo, os verbos (imperativo, participios concertado e absoluto, temas de aoristo e perfecto, voz media e pasiva, verbos contractos, e modos subxuntivo e optativo), os pronomes (persoais, posesivos, relativos, demostrativos, interrogativos e indefinidos) e o tipo de oración (simple e composta).

No apartado de mitoloxía, recoméndase empezar repasando os principais ciclos míticos que se estudaron no primeiro curso de Bacharelato ou noutras materias da ESO, cando poidan servir de apoio para a comprensión dos textos traballados en tradución ou en lectura.

Doutra banda, se se desexa e a boa marcha do grupo o permite, pódense complementar os textos que se ofrecen para traducir con outras mostras de prosa ática ou de influencia ática: os relatos mitolóxicos como os de Apolodoro ou as fábulas de Esopo sempre se mostran moi atractivos á vez que non resultan excesivamente difíciles de traducir. En canto ao contido morfosintáctico, debemos ter presente que o obxectivo final de calquera análise deste tipo é a tradución de textos orixinais. Respecto ao procedemento que debe seguirse para traducir un texto clásico, lembramos os pasos que xa ofrecemos en primeiro de Bacharelato:

- Ler o texto detidamente e prestar atención ao léxico temático
- Localizar a oración principal e as oracións subordinadas, así como os nexos que as subordinan
- Analizar detalladamente as formas verbais
- Unir as palabras que pertencen ao mesmo grupo
- Illar os complementos preposicionais
- Respectar a orde das palabras dentro da frase na lingua orixinal

A aproximación aos textos que se leva a cabo consta de diversas actividades: non se trata só de traducilos, senón tamén de razoar sobre a estrutura que presentan, sobre determinadas relacións sintácticas, os exercicios de etimoloxía, etc. Recoméndase realizar estas actividades, xa que serven para profundar no coñecemento do texto e consolidar os novos conceptos que se van introducindo ao longo do curso. É preciso que o alumnado, unha vez analizado, traballado e traducido un texto, sexa capaz de volver a traducilo sen a axuda do dicionario nin doutro léxico de soporte máis que o xa memorizado e asimilado. As diversas explicacións sobre estruturas morfolóxicas e sintácticas que se presenten requiren un comentario detallado. Como é probable que algunhas destas cuestións xa se traballaran na clase de latín ou que presenten un funcionamento similar ao castelán, pódense explicar facendo referencia a estas linguas, destacando sempre o carácter específico da lingua grega e a relatividade de calquera solución para expresar determinadas relacións. Doutra banda, facilitarase ao alumnado algún tipo de esquema que recolla as diversas cuestións morfosintácticas que van xurdindo ao longo do curso, que permita consultar os paradigmas das declinacións e as conxuncións. É útil tamén que o alumnado deseñe os seus propios esquemas, xa que á fin e ao cabo non hai unha metodoloxía única de aprendizaxe morfosintáctico, senón que cada alumno deberá ser o responsable de atopar aquela que mellor se adapte ás súas necesidades. Insistimos novamente na importancia de aprender léxico. É necesario que o alumnado tome conciencia de que, aínda que sempre se poida recorrer ao dicionario, se se coñecen algunhas palabras previamente, o exercicio de tradución simplifícase considerablemente, á vez que diminúe as posibilidades de equivocación, xa que o coñecemento intuitivo do que di un texto pode axudar a interpretalo correctamente e focalizar a procura daquelas palabras que aínda non se coñecen. Doutra banda, tamén hai que ter en conta o coñecemento das principais raíces gregas, xa que é un dos obxectivos principais desta materia. Por este motivo, debe traballarse o léxico a partir das agrupacións por familias de palabras: hai que ter moi presentes os valores das preposicións, algunhas das cales perviviron en castelán e galego como prefixos cultos, e advertir que as preposicións ou os preverbios, na maioría dos casos, modifican só lixeiramente o significado dos verbos simples, polo que, coñecendo unas cantas raíces básicas, resulta moi fácil identificar outras moitas.

En canto ao apartado de cultura, hai que ter en conta o contexto no que se enmarca esta materia: o alumnado xa realizou algúns cursos relacionados co mundo antigo e, en segundo de Bacharelato, algo sabe de filosofía antiga, arte antiga, etc. Por elo, é moi importante traballar en colaboración co profesorado destas disciplinas e, ao mesmo tempo, realizar referencias continuamente ao que se está aprendendo. Como pode comprobarse, os temas de cultura tratan os principais xéneros literarios e a filosofía da antiga Grecia. Hai que analizar os fragmentos que seleccionamos con rigor, procurando fomentar o gusto estético e intelectual do alumnado. Neste sentido, é positivo realizar comentarios en clase ou en casa dalgún dos textos máis significativos. Tamén se recomenda analizar a pervivencia das formas e os temas literarios gregos na literatura posterior, para o que se poden traer a clase textos de autores españois ou doutras linguas que mostren unha clara influencia clásica. Para traballar todos os aspectos que acabamos de comentar, non podemos

esquecer a importancia de internet: na rede atopamos todo tipo de gramáticas gregas, esquemas gramaticais e páxinas de cultura grega que con frecuencia se corresponden con algún dos ámbitos estudados. A vantaxe de internet é que a miúdo as páxinas son interactivas, ofrecen fotografías de boa calidade que axudan a comprender mellor os conceptos e desenvolven a sensibilidade cara á arte. Tamén é aconsellable realizar algunhas lecturas obrigatorias durante o curso. En castelán dispoñemos de edicións de alto valor filolóxico e doutras de carácter máis divulgativo, que han de ir acompañadas de notas ao pé de páxina, sobre todo naquelas obras nas que o contexto histórico en que se concibiron desempeña un papel importante, como é o caso das comedias. A partir destas lecturas, pódense aplicar os coñecementos que se adquiriron e reflexionar sobre múltiples aspectos da civilización grega. Pode ser proveitoso complementar o coñecemento da civilización grega asistindo a algunha representación de teatro clásico, ou visitando museos ou exposicións. No caso de que se realice algunha destas saídas, é recomendable elaborar previamente un dossier coa finalidade de guiar ao alumnado cara á procura daqueles aspectos relacionados cos contidos do curso.

6.3. Materiais e recursos didácticos



O 1º trimestre dedicarase ao repaso da gramática estudada en Grego 1 e a aqueles asuntos máis complexos da morfoloxía verbal non vistos no ano anterior (aoristos radicais, verbos en -μι, polirrizos, etc.), á aprendizaxe de uso do dicionario, e a un primeiro contacto con pequenos textos de 1º Bacharelato que sirvan como rodaxe, para atender ás lagoas e dúbidas máis importantes que o alumnado poida traer. Entón pasarase á tradución de pequenos fragmentos de Xenofonte, utilizando como libro de texto a *Antoloxía* publicada por Baía Edicións - Consorcio Editorial Galego. En cada texto trataranse as dificultades de análise e de léxico, coas explicacións pertinentes, e, tras a tradución, os alumnos resolverán as cuestións de diversa índole que con cada texto se propoñen respecto diso. Prestarase unha atención especial a aqueles aspectos que son obxecto de exame:

- a. Helenismos de galego e castelán
- b. Etimoloxías gregas
- c. Análise morfolóxica
- d. Sintaxe de infinitivo e participio
- e. Sintaxe do predicativo

O 2º trimestre dedicarase a unha variada antoloxía de textos de Platón, que se traballarán coas mesmas pautas e criterios. Se, por un aínda mal coñecemento de Xenofonte, a marcha do grupo non o permitira, non se dedicará a este autor todo o trimestre.

Como queira que sexa, o 3º trimestre de novo retomará a antoloxía de Xenofonte, para que se consolide e garanta unha boa destreza na práctica de tradución, dado que son textos en xeral máis alcanzables que os de Platón.

Asignarase aos alumnos un traballo, que será entregado antes da Semana Santa (poderán dedicarlle así os dous primeiros trimestres, e será tido en conta na nota final), onde de maneira concisa recollan información elemental sobre os xéneros e as obras dos dous autores obxecto de tradución, así como dos que son obxecto de lectura obrigatoria de acordo co programa:

- a. Homero, *Ilíada I, VI, XVI, XXII*
- b. Sófocles, *Edipo Rei*
- c. Aristófanes, *Nubes*

A cuarta lectura do programa (antoloxía poética de líricos gregos arcaicos: Safo, Alceo e Anacreonte; Alcmán, Estesícoro, Íbico, Simónides de Ceos, Píndaro e Baquilides) será ademais atendida polo profesor, que lles achegará copias cunha explicación esquemática.

6.4. Criterios de avaliación e cualificación



Os criterios de avaliación atenden ás seguintes destrezas:

1. Identificar e analizar, en textos orixinais gregos, os elementos morfosintácticos imprescindibles para a súa interpretación
2. Traducir e comentar textos gregos con axuda do dicionario, comprendendo o seu sentido xeral
3. Identificar en textos gregos termos que sexan orixe de helenismos modernos
4. Realizar comentarios sobre algún aspecto literario ou histórico-cultural dun texto grego, orixinal ou traducido
5. Elaborar traballos sinxelos sobre aspectos integrados nos contidos do curso, manexando fontes de diversa índole (bibliográficas, audiovisuais, informáticas, arqueolóxicas, etc.), insistindo no interese do mundo clásico para a mellor comprensión do presente

Para a cualificación, o profesor utiliza unha actilla co calendario de clases e a lista de alumnos, onde vai tomando nota ao longo do trimestre dos diversos resultados das probas que se van facendo, das actuacións en clase de cada alumno, das súas achegas e participación no progreso na materia.

Utilizarase ademais, en paralelo, a cualificación numérica dos diversos estándares de aprendizaxe de acordo cos pesos a eles asignados nesta programación.

Todo este material de avaliación será tido en conta para obter unha nota de avaliación que atenda a todos eses aspectos de acordo coa ponderación seguinte:

- Exames escritos = 50%
- Tradución en clase e deberes e materia ao día = 20%
- Fluidez en lectura e escritura = 5%
- Exercicios a través das TIC = 5%
- Programa de lecturas = 10%
- Traballo sobre os autores e obras = 10%

Ademais a nota pode verse incrementada aínda nun 10% (se cabe) para aqueles alumnos que acheguen tarefas e traballos voluntarios, en calquera soporte e formato, que complementen a materia dada.

6.5. Procedementos e instrumentos de avaliación



Como se indica máis arriba, o 1º e sobre todo o 3º trimestre prestarán atención especial a Xenofonte, e o 2º dedicarase a Platón, especificamente ou non segundo instrúa a marcha do grupo. Para a avaliación de cada trimestre, o profesor considerará tanto o interese e a participación do alumnado como o seu coñecemento sobre as diversas actividades realizadas. Cada proba conterá un texto breve en grego para analizar e traducir, onde o alumnado poida demostrar a asimilación dos novos contidos morfolóxicos, sintácticos, léxicos e etimolóxicos, así como o apartado de cultura que corresponda, ligado ao texto obxecto de tradución ou ao estudo teórico do seu autor. O texto de cada avaliación será, consecuentemente, de Xenofonte na 1ª, de Platón na 2ª (salvo que non proceda, polo xa dito respecto diso), e outra vez Xenofonte na 3ª. Con todo, o grupo indicará se convén facer máis exames ao longo de cada trimestre sobre asuntos puntuais ou pequenas prácticas de tradución. Ademais farase unha proba de *relectio* (tradución directa sen dicionario dun texto xa traballado e corrixido en clase) cada vez que se completen no avance do curso dez textos da antoloxía.

O número de alumnos que nos últimos anos vén elixindo Grego como optativa permite facer un seguimento exhaustivo do progreso, os coñecementos e o traballo diario de cada un deles, o que facilita moitísimo a tarefa de clase e a boa comunicación co grupo. Así pois, son moitos os elementos que axudan a unha fiel avaliación do alumnado ao longo de cada trimestre:

- a lectura de textos na aula
- a realización diaria de exercicios en común
- a comprobación e corrección dos exercicios na lousa
- a exposición dun asunto do temario por un alumno ante os seus compañeiros

A observación directa do traballo diario do alumno, que presenta a materia ao día e trae os seus deberes feitos, ou colabora en clase cando é pertinente, que realiza lectura e escritura adecuadamente fluídas de textos gregos, é un índice importante que afectará á nota de avaliación. Cada día farase fronte a un novo texto da antoloxía que se estea traballando, onde os alumnos deixarán ver o seu ritmo de traballo, os seus progresos, os seus coñecementos, as súas dificultades, etc.

Ademais dos exames establecidos por trimestre que constan máis arriba, os alumnos farán outras diversas probas escritas cando a marcha do grupo así o aconselle, cando se trate dalgún asunto máis complexo, ou cando o propio grupo o considere oportuno por algunha razón. De calquera modo, os exames escritos fixaranse sempre con certa antelación e previo consenso.

Algúns asuntos do temario serven para estimular investigación de novos materiais a través da rede, o que a miúdo se encargará aos diversos alumnos para potenciar o uso das novas tecnoloxías.

De acordo co plan lector do centro, hai un programa de lecturas (xa aludido no epígrafe de *Materiais e recursos didácticos*) sobre as que tamén se fará comentario e exame.

Asígnase aos alumnos un traballo, que será entregado antes de Semana Santa (poderán dedicarlle así os dous primeiros trimestres, e será tido en conta na nota final), onde de maneira concisa recollan información elemental sobre os xéneros e as obras dos autores obxecto de tradución e de lectura obrigatoria de acordo co programa da ABAU.

6.6. Mínimos esixibles



Para o primeiro trimestre é mínimo esixible un bo coñecemento da escritura e lectura dos textos gregos que permita unha mediana fluidez. Desde o punto de vista gramatical, o alumno debe ter polo menos unha comprensión global do sistema flexivo nominal, pronominal e verbal e das estruturas sintácticas básicas da lingua grega. Ha de lograr certa destreza no uso do dicionario para a tarefa de tradución, aínda que isto non exclúe a aprendizaxe de determinado léxico frecuente nos exercicios de clase. É requisito desta avaliación que o alumno poida en exame facer fronte a un pequeno texto de Xenofonte de ao redor de 25 palabras, realizar unha somera análise elemental de morfoloxía e sintaxe e coñecer o significado das palabras que alí aparezan, todas elas de uso común ao longo do trimestre, axudándose do dicionario para unha tradución cabal.

Na segunda avaliación é requisito mínimo un coñecemento xeral da gramática grega, que non supoña dificultade para comprender a lingua e estilo propios dos textos do autor en cuestión, Xenofonte ou, se cabe, Platón, e que permita certa soltura na análise morfosintáctica do texto. O bo uso do dicionario e a aprendizaxe de certo vocabulario deben reflectirse nunha certa fluidez na tradución dun texto mediano.

No terceiro trimestre o alumno debe ser capaz de facer fronte a un texto de Xenofonte cunha certa naturalidade, sen atascarse en cuestións gramaticais pola análise morfosintáctica, sen dificultades para un bo uso do dicionario. Os exercicios de morfoloxía, de léxico e de etimoloxía realizados ao longo do curso, deben capacitalo para responder as cuestións puntuais que a ese respecto pode presentar o texto de exame, a imitación das preguntas que se lles formularán na ABAU.

O aprobado final de curso require polo menos que o alumno sexa capaz de copiar e ler con naturalidade un pequeno texto grego orixinal de Xenofonte ou de Platón; de realizar sobre el unha análise morfolóxica e sintáctica; de traducilo con axuda do dicionario; e de contestar a pequenas preguntas puntuais sacadas del sobre morfoloxía, sintaxe, etimoloxía de helenismos, obra do autor, ou contexto histórico e cultural a que o texto refire. Ademais o alumno ha de acreditar que seguiu o programa de lecturas, sobre o que na ABAU haberá sempre unha pregunta obrigatoria.

Esta materia posúe unha alta carga de formación lingüística, de modo que os coñecementos que se van paulatinamente adquirindo son sempre necesariamente base e alimento dun continuo proceso de aprendizaxe e maduración. Isto é mesmo aplicable aos contidos máis teóricos sobre a civilización grega clásica, que non pretenden senón dar unha imaxe global da cultura e historia que son xerme do noso mundo actual, da nosa cultura e da nosa maneira de entender o mundo entorno. É por elo que a avaliación será sempre continua, sen compartimentos estancos avaliábeis de forma illada; o que se traducirá, a efectos de cualificación do alumno, en que cada avaliación

absorba e invalide a nota que se obtivo noutra anterior, de maneira que o aprobado da 3ª avaliación significará aprobado final do curso, á marxe da nota que se puido obter de forma particular na 2ª (o mesmo que esta deixa sen validez xa a nota da 1ª): é dicir, a nota final, en último termo, constata se ao longo do curso houbo un progresivo avance ou, ao contrario, abandono. Non fan falta, pois, exames de recuperación (salvo nalgún aspecto ou circunstancia excepcional), na medida en que o exercicio seguinte xa mostrará no seu momento se se asimilaron ou non os coñecementos previos.

Na convocatoria extraordinaria de setembro, o exame será unha proba de contidos mínimos de análise e tradución con dicionario dun texto cun formato equivalente aos exercicios realizados a final de curso.

Continuidade da materia no Bacharelato:

A superación da materia de segundo curso estará condicionada á superación da correspondente materia de primeiro por implicar continuidade. Non obstante, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo sen ter cursado a correspondente materia de primeiro sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En todo caso, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente e será computable para os efectos de modificar as condicións nas que promocionara a segundo.

O profesor fará ao longo de cada trimestre un seguimento da materia de 1º, que capacite ao alumno para un adecuado seguimento da materia de 2º, preparando os materiais que se vise puidesen resultar necesarios e cos que o propio alumno comprobará se con iso alcanza o coñecemento básico que lle permita adaptarse e integrarse no ritmo de traballo do grupo.

7.1. Introducción

A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen. A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para os cidadáns de Europa.

De acordo con esta formulación, o currículo básico da materia artículase en bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes: o ámbito lingüístico e o non lingüístico:

O ámbito lingüístico oriéntase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso, pártese do concepto de familia lingüística, centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín e da que se deriva unha boa parte das linguas modernas. O estudo da orixe e a evolución da familia lingüística indoeuropea acompáñase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e a evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica, neste ámbito será permitir ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos.

No ámbito non lingüístico englobase o resto dos bloques propostos: xeografía, historia, mitoloxía, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, e literatura. Todos eles irán enfocados a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os que son diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade. Para sentar as bases deste estudo pártese da necesidade de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela. Dentro deste apartado sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a

construción do imaxinario colectivo europeo, grazas ás narracións míticas e lendarias, o mundo dos deuses e dos heroes, e o seu mantemento na cultura contemporánea.

Especial atención merecen as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxa configuración en xéneros determina toda a nosa tradición literaria, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores. Dedícase un apartado á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a vida pública e privada, e os valores cívicos que se transmitiron á cultura occidental.

En todos os bloques de contidos vai implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura. Debido ao carácter de optatividade da materia de Cultura Clásica, é necesario ter en conta a flexibilidade na adecuación dos contidos ás características do alumnado que escolla esta opción, de xeito que o seu currículo debe ter a apertura propia das materias específicas.

A comunicación lingüística é a competencia clave con máis presenza no bloque lingüístico, xa que permite descubrir as raíces grecorromanas do vocabulario das linguas que utiliza. Non obstante, no bloque non lingüístico os propios contidos da materia fomentan, tamén, a expresión a través da comunicación textual, oral, audiovisual e dixital. A presenza das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual debe aproveitarse como unha vantaxe para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. A procura de información guiada polo profesor facilita o desenvolvemento do espírito crítico e o achegamento persoal ao coñecemento. Nesta liña, tamén hai que salientar a importancia do traballo da competencia en aprender a aprender, xa que o alumnado está iniciándose na selección, na avaliación, na comprensión e na produción de información cada vez máis complexa. A perseveranza, os hábitos de estudo, a autonomía e o traballo en equipo son capacidades que se poden afianzar neste capítulo. A descuberta da historia do mundo grego e do romano a través dos seus fitos máis salientables no ámbito da política, a sociedade e a vida cotiá axudarán a potenciar as competencias sociais e cívicas, así como a competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor, por medio da planificación de proxectos en equipo, reforzando os conceptos dos valores democráticos, a participación cidadá e a toma de decisións responsables. Unha visión global da xeografía e historia de Grecia e Roma impulsará o alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando, tamén, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, que capacitan para a análise de fenómenos complexos, o razoamento lóxico e o rigor científico. A aproximación ás manifestacións artísticas e literarias do mundo clásico permite o desenvolvemento da competencia en conciencia e

expresión culturais, xa que un dos obxectivos principais da materia é a constatación do mantemento das súas pegadas na actualidade.

A materia de Cultura Clásica pode significar para o alumnado de educación secundaria unha excelente vía de achegamento á posta en valor do noso patrimonio cultural, que se aloxa nos restos arqueolóxicos, nos museos e mesmo no contorno cotián, así como nas manifestacións máis inmateriais da cultura grecorromana, como o pensamento, as crenzas, a mitoloxía, a estética e a ética.

Grecia e Roma, fontes da nosa civilización, impregnan aínda non só a nosa lingua e a de gran parte das linguas europeas, senón tamén a nosa forma de ser, de pensar e de vivir. Esta materia pretende dotar ao alumnado de ESO dun coñecemento suficiente da contribución do mundo clásico á civilización occidental nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico e lingüístico, co fin de que comprenda mellor o mundo no que vive. Deste xeito fortalécese a súa conciencia histórica e a súa capacidade crítica, á vez que se facilita o seu acceso a moitos elementos comúns da identidade europea. Estes coñecementos contribuirán indubidablemente a unha mellora substancial da formación cultural e lingüística do alumnado, proporcionándolle o dominio dunhas ferramentas útiles para a aprendizaxe de calquera disciplina, sexa esta humanística, científica ou técnica.

A nosa cultura é debedora directa das civilizacións grega e latina. Debido a iso, o legado clásico pervive e mantén a súa vixencia en múltiples manifestacións da ciencia, a arte, a organización social e a vida cotián. Os diferentes contidos do currículo desta materia optativa mostrarán a ampla pegada de Grecia e Roma en diferentes ámbitos. Cultura Clásica é unha materia eminentemente interdisciplinar que ofrece unha dobre vertente cultural e lingüística. A vertente cultural facilita ao alumnado a comprensión e explicación da realidade actual, fortalece a súa conciencia histórica e desenvolve a súa capacidade crítica e reflexiva. A vertente lingüística está orientada cara ao coñecemento do vocabulario, sen esquecer o coñecemento da historia das linguas clásicas e a súa evolución. A familiarización coas linguas latina e grega ha de facerse a través do estudo dun vocabulario básico que axude a reflexionar sobre as raíces do léxico das linguas que fala e estuda o alumno. Para lograr tales obxectivos poderase recorrer tanto a imaxes como a textos antigos traducidos ou a textos modernos que fagan referencia aos contidos, así como a fontes de información alcanzables ao nivel do alumno, como dicionarios ou enciclopedias e, en especial, medios procedentes das tecnoloxías da información e da comunicación, como, por exemplo, procuras orientadas en internet.

Poderase profundar no estudo dun modelo específico grecorromano (unha cidade, un teatro, unha institución, un poema, un discurso, etc.), comparándoo co referente actual que lle corresponda e poñendo de manifesto as súas semellanzas e diferenzas. Así mesmo, sería recomendable a lectura dunha selección de obras clásicas estreitamente relacionadas co mundo actual ou obras de autores modernos que fagan referencia ao mundo clásico, como, por exemplo, unha novela histórica. Deberían orientarse tamén tarefas individuais

ou en equipo para descubrir na contorna do alumnado frases feitas, marcas comerciais, equipos deportivos, anuncios publicitarios e outras manifestacións que aludan a referentes clásicos. Sería conveniente que as explicacións incluísen a terminoloxía técnica na lingua orixinal, transliterando a grega cando se considere necesario, para afacer ao alumno ao coñecemento do vocabulario científico e técnico, e para facilitarlle a comprensión do significado preciso das palabras de orixe grecolatino que utiliza, establecendo sempre as analoxías e diferenzas entre o vocabulario antigo e o seu actual.

7.2. Obxectivos



A Educación Secundaria Obrigatoria ten carácter obrigatorio e gratuíto e constitúe, xunto coa Educación Primaria, a educación básica. Prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado, de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade, para responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da ESO e á adquisición das competencias correspondentes e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida acadar os devanditos obxectivos e competencias e a titulación correspondente. A ESO ten por finalidade lograr que os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e de traballo; prepararles para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, nas linguas galega e castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona.

**8.1. Temario:****Bloque 1. Xeografía****Tema 1** Marco xeográfico das civilizacións grega e romana

Obxectivos

f - o

Criterios de
avaliación

- a. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana
- b. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia

Estándares de
aprendizaxe

- a. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica
- b. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións

Competencias

CMCCT - CD
CAA - CSC**Bloque 2. Historia****Tema 1** Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico

Obxectivos

e - f - g - ñ

Criterios de
avaliación

- a. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolve a civilización grega
- b. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos

Competencias

Estándares de aprendizaxe

- a. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización grega e no período histórico correspondente, pónndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas
- b. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas
- c. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras
- d. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información
Búscase unha maneira de aproximar as linguas clásicas aos alumnos, de modo que as contemplan como algo vivo e cambiante, e deixar no esquecemento o tópico de linguas mortas.

8.4. Criterios de avaliación e cualificación



Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos na avaliación da materia serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran no epígrafe 8.1 desta programación didáctica. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de ESO será continua, formativa e integradora. Garantirase o dereito dos alumnos a una avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Polo que respecta aos criterios de cualificación, o profesor utiliza unha actilla co calendario de clases e a lista de alumnos, onde vai tomando nota ao longo do trimestre dos diversos resultados das probas que se van facendo, das actuacións en clase de cada alumno, das súas achegas ao progreso na materia. Todo este material de avaliación será tido en conta para obter unha nota que atenda a todos eses aspectos de acordo coa ponderación seguinte:

- Exames escritos = 40%
- Traballos e tarefas de clase = 20%
- Colaboración en clase e deberes e materia ao día = 20%
- Programa de lecturas = 10%
- Exercicios a través das TIC = 10%

Utilizarase ademais, en paralelo, a cualificación numérica dos diversos estándares de aprendizaxe de acordo cos pesos a eles asignados nesta programación.

Ademais a nota pode verse incrementada aínda nun 10% (se cabe) para aqueles alumnos que acheguen tarefas e traballos voluntarios de ampliación ou profundización, en calquera soporte e formato, que complementen a materia dada, segundo as súas aptitudes e intereses persoais.

Neste punto hai que estar moi atento á calidade, personalidade e orixinalidade do traballo presentado, pois máis a miúdo do desexable, o alumnado presenta como traballos meras copias sacadas de internet nas que ás veces nin sequera leu nin entendeu o que di.

Teranse tamén en conta uns criterios mínimos de boa presentación, tal como se recolle na avaliación por competencias. Unha mala cualificación neste campo pode chegar a supoñer ata un punto menos da nota global final de cada avaliación:

- limpeza, marxes, caligrafía lexible, correctas ortografía e expresión, nas tarefas escritas

- claridade, boa dicción, expresión e compostura correctas, nas tarefas orais
- adecuación aos estándares existentes para os diversos formatos e programas nas tarefas de soporte informático

8.5. Procedementos e instrumentos de avaliación



As unidades en que está dividido o temario están agrupadas en sete bloques. Estes formarán, de acordo coas tres avaliacións dos tres trimestres do curso, tres grupos de dous bloques respectivamente, porque o bloque 7, referido á pervivencia na actualidade, se tratará sempre ao longo do curso en todos e cada un dos temas dos restantes bloques.

Para o primeiro trimestre (bloques 1.Xeografía e 2.Historia), propóñense como mínimo dous exercicios: un primeiro moi ao principio para poder realizar unha avaliación inicial; e outro xa avanzado o trimestre para comprobar o grao de consolidación dos contidos e rectificar, se fose necesario, a metodoloxía empregada.

Na segunda avaliación, segundo trimestre, preténdese realizar exame para saber se os alumnos aprenderon os contidos dos bloques 3.Mitoloxía e 4.Arte. Pero, segundo o avance real do grupo e segundo o inspire e permita a materia, iranse articulando pequenos exercicios diversos que se acumularán na nota final desta avaliación. Os temas de mitoloxía e arte son, normalmente, aqueles nos que o alumnado mostra máis interese e maior capacidade de traballo, polo que tamén é normalmente máis doado avalialos e cualificalos.

No terceiro trimestre (bloques 5.Sociedade e vida cotiá e 6.Lingua e literatura), os temas do programa deberían poder abarcarse xa con certa maior madurez que permita un enfoque máis xeral nos exames, a fin de que o alumnado verifique o nivel que alcanzou.

Ao final do curso realizarase un exame global que permita ver se se alcanzaron os contidos mínimos e as competencias básicas.

Para a avaliación de cada trimestre, o profesor considerará tanto o interese e a participación do alumnado como o seu coñecemento sobre as diversas actividades realizadas. Con todo, o grupo indicará se convén facer máis exames ao longo de cada trimestre sobre asuntos puntuais ou pequenas prácticas. Cada día extraerase da materia dada en clase algún exercicio que os alumnos deberán preparar e presentar na clase seguinte. De maneira que a boa marcha do curso require continuidade e constancia no traballo diario. Seguirase unha metodoloxía activa que promova a ampla participación do alumno en clase. Faranse debates, preguntas para espertar a atención, actividades colectivas, etc. As explicacións dos conceptos fundamentais de cada unidade completaranse coa lectura e comentario dalgún texto, explicando as ideas fundamentais para facilitar a comprensión dos alumnos e o léxico para que amplíen o seu vocabulario. Prestarase atención especial ao léxico español e galego de orixe latina e grega. Os procedementos de composición e derivación de orixe clásica así como os latinismos veranse nas unidades nas que vaian aparecendo. O caderno do alumno, os traballos e as actividades extraescolares para o desenvolvemento das actividades propostas deberase

entregar no prazo debido; salvo caso de forza maior non se permitirán as entregas en data posterior á fixada. Utilizaranse amplamente todo tipo de medios audiovisuais.

Así pois, son moitos os elementos que axudan a unha fiel avaliación do alumnado ao longo de cada trimestre:

- a lectura de textos na aula
- a realización diaria de exercicios en privado ou en común
- a comprobación e corrección de exercicios na lousa
- a exposición dun asunto do tema por un alumno ante os seus compañeiros

A observación directa do traballo diario do alumno, que presenta a materia ao día e trae os seus deberes feitos, ou colabora en clase cando é pertinente, é un índice importante que afectará á nota de avaliación. Valorarase a súa participación activa en clase: atención, interese, esforzo, investigación, realización dos exercicios propostos.

Ademais dos exames establecidos por trimestre, os alumnos farán outras diversas probas escritas cando a marcha do grupo así o aconselle, cando se trate dalgún asunto máis complexo, ou cando o propio grupo o considere oportuno por algunha razón. De calquera modo, os exames escritos fixaranse sempre con certa antelación e previo consenso.

Certos asuntos do temario serven para estimular a investigación de novos materiais a través da rede, o que a miúdo se encargará aos diversos alumnos para potenciar o uso das novas tecnoloxías. En apoio do plan lector, tentarase extraer das lecturas un pequeno programa de literatura clásica ou relatos de tema clásico sobre os que tamén se fará comentario e exame.

8.6. Mínimos esixibles



Esta materia pretende unha formación básica e integral, de modo que os coñecementos que se van paulatinamente adquirindo son sempre base e alimento dun continuo proceso de aprendizaxe e maduración. Isto é mesmo aplicable aos contidos máis teóricos sobre a civilización clásica, que non pretenden senón dar unha imaxe global da cultura e historia que son xerme do noso mundo actual, da nosa cultura e da nosa maneira de entender o mundo entorno. É por elo que a avaliación será sempre continua, sen compartimentos estancos avaliábeis de forma illada; o que se traducirá, a efectos de cualificación do alumno, en que cada avaliación absorba e invalide a nota que se obtivo noutra anterior, de maneira que o aprobado da 3ª avaliación significará aprobado final do curso, á marxe da nota que se puido obter de forma particular na 2ª (o mesmo que esta deixa sen validez xa a nota da 1ª): é dicir, a nota final, en último termo, constata se ao longo do curso houbo un progresivo avance ou, ao contrario, abandono. Non fan falta, pois, exames de recuperación (salvo nalgún aspecto ou circunstancia excepcional), na medida en que o exercicio seguinte xa mostrará no seu momento se se asimilaron ou non os coñecementos previos.

O alumno estará en condicións de aprobar a materia cando demostre un aproveitamento das actividades de clase e dos controis realizados ao longo do curso. A avaliación será continua e serán moitas as notas para avaliar e do conxunto de todas elas extraerase a nota final. Por tanto, as notas dos controis poderanse ver modificadas, positiva ou negativamente, polo resto de notas da valoración dos procedementos e actitudes que o alumno mostre. Como xa se mencionou anteriormente, realizaranse probas tanto de teoría como de práctica, que facilitarán ao alumnado o proceso de recuperación dentro da avaliación continua. De maneira paralela, controlarase o traballo diario do alumno.

Os contidos mínimos para este curso serán os seguintes:

- Comprender os diversos tipos de escritura e a súa función
- Constatar a orixe grecolatina de palabras de uso común e do léxico científico e técnico das linguas modernas
- Identificar as linguas románicas e a súa distribución xeográfica
- Recoñecer na lingua propia os principais elementos lingüísticos das linguas clásicas
- Recoñecer os fitos esenciais da literatura grecolatina como base literaria da cultura europea e occidental
- Coñecer os principais deuses e lendas mitolóxicas do mundo grecolatino, para establecer semellanzas e diverxencias entre mitos e heroes antigos e actuais
- Ter unhas nocións básicas sobre xeografía e historia de Grecia e Roma
- Nocións mínimas sobre os principais sistemas de organización política e social de gregos e romanos

- Características principais da vida privada de gregos e romanos, confrontándoas coas actuais
- Recoñecemento das principais pegadas deixadas por gregos e romanos na nosa península e, a grandes liñas, en Europa
- Relacionar manifestacións artísticas de hoxe cos seus modelos clásicos
- Localizar os principais monumentos clásicos do noso patrimonio

O ensino da materia optativa Cultura Clásica terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Introducirse no estudo do mundo clásico a partir dos referentes actuais
2. Coñecer e utilizar con soltura terminoloxía científica e técnica de orixe grecolatina
3. Dispoñer de criterios de orientación para comprender fenómenos culturais, literarios, artísticos, políticos, filosóficos, científicos e técnicos de raíz grecolatina
4. Desenvolver a capacidade de razoamento e de crítica mediante o coñecemento da nosa tradición cultural
5. Valorar as achegas feitas por gregos e romanos á civilización europea e universal
6. Recoñecer a riqueza cultural inherente á diversidade lingüística, advertindo a orixe común da maioría das linguas de España e Europa
7. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas
8. Verificar a pervivencia da tradición clásica nas culturas modernas
9. Consolidar a formación básica na área lingüística, co fin de poder manexar a lingua culta, oral e escrita
10. Utilizar adecuadamente as fontes das que se poden extraer informacións valiosas sobre a nosa tradición clásica, contando entre elas as tecnoloxías da información e comunicación

Grego - 1º de Bacharelato

Coa finalidade de atender á diversidade do alumnado, propóranse textos orixinais coa tradución cando o nivel de gramática da clase non sexa o adecuado. Neste caso, levaranse a cabo exercicios de comprensión sobre o texto en lingua grega. Outros textos presentarán notas adicionais de tradución, e estarán dirixidos a aqueles alumnos que teñan un grao adecuado de coñecementos da lingua grega. É recomendable que certas prácticas de tradución se realicen en grupo. Cando o grupo traduza o texto orixinal, pódense comparar as traducións e comentar os aspectos máis relevantes. Así mesmo, pode mostrarse ao alumnado dúas versións de traducións clásicas, para que eles vexan as diversas posibilidades e busquen a súa propia.

Os alumnos con maiores dificultades serán atendidos de modo específico, adecuando os exercicios ao seu nivel de comprensión e modificando ou engadindo tarefas máis sinxelas que permitan o seu avance co fin de, se é posible, achegalos finalmente ao nivel xeral do grupo ou, polo menos, ao nivel de coñecementos mínimos esixibles que permitan a súa recuperación.

A avaliación inicial, terminado o estudo do sistema de escritura, permitirá detectar que alumnos teñen maiores problemas para seguir a marcha do curso. Para eles realizaranse exercicios que repitan e consoliden o estudado ata o momento. Vixiarase con maior atención a súa capacidade de estudo e a realización dos deberes que se lles preparen e encarguen. Despois do alfabeto, os primeiros exercicios de declinación e de análise e tradución de frases son moi sinxelos e graduais, o que permitirá percibir os distintos ritmos de traballo dos distintos alumnos.

Grego - 2º de Bacharelato

Coa finalidade de atender á diversidade do alumnado, propóñense textos orixinais cunha breve explicación ao comezo sobre o seu contido para aqueles alumnos que non teñan o nivel de gramática adecuado ao do grupo. Esta explicación, ás veces, presentará por unha banda a tradución practicamente literal dalgunhas pasaxes fundamentais do texto en cuestión e, por outra, mostrará sempre un léxico co vocabulario necesario para traducilo. É recomendable tamén que leven a cabo exercicios de comprensión sobre o texto en lingua grega. Resulta moi interesante e á vez estimulante que algunhas prácticas de tradución se leven a cabo en grupo. Realizada a tradución, pódense comparar as solucións e comentar aqueles aspectos máis relevantes. Así mesmo, pode mostrarse ao alumnado varias versións de traducións clásicas, e consultar as súas opinións respecto diso, para que valoren o que ao seu xuízo mellora o resultado dunha tradución.

Aqueles que presenten dificultades maiores ou lagoas de gramática que debería saberse do curso anterior poderán solicitar do profesor esquemas, cadros de paradigmas e outro material complementario e de apoio que lles permita adecuarse á marcha do grupo. O profesor tentará preparar calquera material que lles poida parecer necesario para mellorar o seu rendemento ou corrixir as súas carencias.

Educación de persoas adultas

Se a marcha do grupo o aconsella, analizadas as dificultades específicas e as condicións de traballo que os alumnos da quenda de educación de adultos poidan presentar, poderase adaptar o currículo e adecuar o avance na materia ao seu ritmo de estudo.

Os contidos en xeral non terán tanto desenvolvemento nin profundización como na quenda de diúrno, aínda que, por outra banda, sendo maiores, precisan en xeral de menos tempo para comprender os conceptos e adquirir as mecánicas necesarias. Sen embargo os exames sempre terán en conta a menor carga horaria do nocturno e adaptaranse a eses tempos.

Cultura Clásica - ESO

A atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, e de intereses e capacidades presentes nas aulas plásmase de varias formas:

1. As secuencias de aprendizaxe expoñen o achegamento a novos contidos a través da evocación de coñecementos previos e a posta en relación dos contidos propios da materia cos doutras materias do currículo así como de situacións próximas á experiencia do alumnado, e favorecen a comprensión dos contidos e a súa xeneralización por medio de modelos, esquemas, etc. Con esta secuencia de aprendizaxe culmina o armazón que permitirá aos alumnos a asimilación dos conceptos, procedementos e valores.
2. Os textos expositivos están especialmente coidados para que se identifiquen as ideas esenciais e se poidan elaborar esquemas para organizar a información.
3. Os exercicios e actividades están secuenciados por niveis de dificultade de forma que facilitan a adquisición de competencias básicas a todos os alumnos. Segundo que actividades levan ao traballo en grupo, ao repaso ou á ampliación, e ao uso das tecnoloxías da información e comunicación.
4. Para atender ao alumnado con máis altas capacidades intelectuais, cada tema presentará un apéndice que permita ser usado como guía de investigación e ampliación dos asuntos tratados.
5. En cada tema destacaranse no traballo de clase os asuntos e os datos mínimos fundamentais que se esixirán aos alumnos con dificultades, permitindo ademais que estes se utilicen de formas diversas con distintos tipos de exercicios cos que os alumnos poidan deixar ver as súas capacidades: probas de test, exames descritivos, interrelación de coñecementos, pequenos traballos (literarios ou plásticos), tarefas de procura de información, imaxes e reflexo da cultura clásica en artes diversas, debates e comentarios de clase, explicación de vocabulario e etimoloxías, e, en xeral, calquera forma, ferramenta ou

soporte que cada alumno estime máis adecuado ás súas habilidades para plasmar os coñecementos adquiridos.

As actividades previstas concíbense como un abanico de suxestións para que o profesor seleccione as que lle parezan máis adecuadas para o desenvolvemento da programación e de paso poida atender de modo individualizado aos alumnos. A educación personalizada e individualizada pretende atender a todas as necesidades e niveis do alumnado. É dicir, debe ir dirixida tanto ao alumno considerado medio como ao que presenta dificultades para a aprendizaxe sen esquecer aos alumnos que polas súas aptitudes e intereses están por encima do termo medio.

Este será o punto de partida para deseñar as diferentes actividades, que estarán claramente diferenciadas en dous bloques:

- As actividades e textos básicos, tendentes ao desenvolvemento normal do currículo, incluídas nas diferentes unidades didácticas.
- Outros textos e actividades complementarios mediante soporte electrónico e procura en rede como material de apoio son suxestións entre as que o profesor poida seleccionar o máis adecuado para cada alumno ou grupo de alumnos de acordo coa súa contorna, capacidades, intereses ou co grao de consecución dos obxectivos propostos.

10. SEGUIMIENTO E RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Tratándose o Grego de bacharelato de materia optativa, na que os grupos son xeralmente reducidos e moi próximo e directo o traballo de aula, non adoita darse a circunstancia de que haxa alumnos coa materia pendente. Pero se se dese o caso de que algún alumno elixise novamente Grego en 2º de bacharelato a pesar de ter pendente o Grego 1 do curso anterior, ou coa materia de primeiro curso pendente por cambio de modalidade, o profesor achegaralle esquemas gramaticais e tarefas de tradución pautada que lle faciliten o repaso da materia de 1º e ao mesmo tempo lle sirvan para mellorar e reforzar o seu avance mentres cursa a materia de 2º. En días alternos o profesor encargará ao alumno pendente unha tarefa que corraxirá e estudará con el na sesión seguinte: cada martes e xoves o alumno terá un novo exercicio que o profesor poderá corraxir nos días intermedios.

No caso da Cultura Clásica de ESO, si hai máis posibilidades de que haxa alumnos coa materia pendente. Este ano son doce os alumnos que, na convocatoria extraordinaria de setembro non aprobaron a Cultura Clásica, e algúns repetirán 3º, pois son varias as materias que lles quedaron pendentes, pero poderán repetir a Cultura Clásica ou cambiar de optativa; e outros pasarán de curso por imperativo legal (por ter xa repetido o curso ou ter a idade que lle obriga a pasar).

Si houbese alumnos de 4º ESO coa Cultura Clásica de 3º pendente, con eles realizaríase un plan para a preparación, seguimento e recuperación da materia, se se chega a acordo e móstranse interesados no proxecto seguinte:

Unha vez por semana o profesor entregará un material de traballo para que os alumnos acaden os mínimos esixibles de cada tema. O profesor supervisará o traballo dos alumnos e brindaralles a axuda que puideren requirirle. Coa recollida do traballo feito, se lles entregará o tema seguinte, e así sucesivamente ao longo do curso.

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

temporalización	examen	contidos
1º trimestre	xaneiro 2019	Bloque 1. Xeografía 1. Marco xeográfico da civilización grega 2. Marco xeográfico da civilización romana Bloque 2. Historia 1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico 2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio
2º trimestre	abril 2019	Bloque 3. Mitoloxía 1. O panteón grego e romano 2. Mitos grecolatinos. Os heroes 3. Relixión grega 4. Relixión romana: culto público e privado

		<p>Bloque 4. Arte</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Fundamentos da arte clásica 2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas 3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas 4. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas 5. Herdanza clásica no patrimonio artístico
3º trimestre	maio 2019	<p>Bloque 5. Sociedade e vida cotiá</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Organización política en Grecia e en Roma 2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais 3. A familia en Grecia e Roma 4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo 5. Os espectáculos públicos en Grecia e Roma <p>Bloque 6. Lingua e literatura</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Historia da escritura. Signos e materiais 2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano 3. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas 4. As linguas romances 5. Composición e derivación culta de orixe grega e latina 6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos 7. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán 8. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica 9. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas 10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais

Queda aínda na Programación un **Bloque 7. Pervivencia na actualidade**

Tema 1: Civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual

Tema 2: Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais

Tema 3: Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país

Tema 4: Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura

Este non será tratado de maneira específica en temas traballados independentemente, pois ao longo de todo o curso todos os temas dos seis bloques recollidos no precedente cadro de temporalización atenderán sempre á cuestión da pervivencia do mundo clásico no noso entorno e no noso mundo actual.

O tema 3 incluírase no 1º trimestre, o tema 2 no 2º e os temas 1 e 4 no 3º.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Segundo o proxecto explicado no apartado anterior, se todo se desenvolve de maneira favorable, os alumnos poderán pasar a proba que, previo acordo con eles, permitirá comprobar o seu grao de consecución dos estándares correspondentes. E si o traballo feito no trimestre fora satisfactorio por se mesmo, podería incluso ser innecesaria unha última proba escrita. A avaliación positiva nos tres trimestres de este xeito (sexa ou non co exame correspondente, segundo o volume e calidade do traballo feito polos alumnos) suporá a avaliación positiva final na materia.

Dos estándares de aprendizaxe recollidos na programación, o cadro seguinte amosa aqueles onde os alumnos pendentes deben acadar un mínimo do 50% para obter o aprobado. Co material de traballo semanal antes aludido, preténdese que os alumnos satisfagan este nivel mínimo de esixencia que podería facer innecesario o exame do trimestre. As tarefas propostas

atenderán a cada un destes estándares e servirán para obter a cualificación nas competencias diversas.

<p>1º trimestre</p>	<p>Xeografía</p> <p>1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica</p> <p>Historia</p> <p>3. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas</p> <p>4. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas</p> <p>6. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información</p> <p>7. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións</p>
<p>2º trimestre</p>	<p>Mitoloxía</p> <p>10. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses</p> <p>11. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian</p> <p>12. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa</p> <p>14. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina</p> <p>Arte</p> <p>17. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais</p> <p>18. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos</p> <p>19. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta</p> <p>20. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais</p> <p>21. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores</p> <p>22. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada</p>
<p>3º trimestre</p>	<p>Sociedade e vida cotiá</p> <p>23. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política</p> <p>24. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais</p> <p>27. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma</p> <p>29. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social</p> <p>30. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso</p>

Lingua e literatura

31. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen
32. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe
34. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco
35. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas
36. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan
37. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe
39. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe
40. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual
43. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade
46. Nomea os autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES



Non hai gran cousa de material grego próximo no ámbito galego: Galicia non é zona que ofrezca restos da colonización grega da Antigüidade e non é fácil, nin en tempo nin en diñeiro, organizar algunha actividade que poida levar aos alumnos ou poida ser traída ata eles. Mostras de arqueoloxía, arte ou cultura da Antigüidade grega só en pequena medida poderían verse no Museo Municipal de Pontevedra, que mestura algúns valiosos elementos entre a súa rica colección de restos da romanización de Galicia. Algo máis frecuente nunha contorna relativamente próxima e por tanto máis alcanzable é o conxunto de restos de romanización e época castrexa que si poderían ser de interese para os alumnos de Cultura Clásica. Pero isto parece máis pertinente para algún programa coordinado por ou xunto co Departamento de Latín ou mesmo de Historia. Mostras de máis entidade obrigarían a desprazarse ata o Museo Arqueolóxico Nacional en Madrid ou ata moi diversos puntos da nosa costa mediterránea, o que requiriría un esforzo que este Departamento tan deficitario non pode de ningún modo asumir. Tamén no outro sentido, é dicir, que algún programa ou exposición itinerante que nos interesase directamente visite Galicia, é algo igualmente, por desgraza, moi pouco frecuente.

Só hai algo previsto que quizá poida materializarse se hai grupo suficiente: o Festival de Teatro Greco-Latino que cada ano se organiza en diversos puntos da xeografía española con restos clásicos, e aquí en Lugo e Ourense, para traer representacións escolares de obras de teatro, traxedia e comedia, gregas e latinas, podería en 2019 (como ocorreu en cursos pasados) poñer en escena *Nubes* de Aristófanes ou *Edipo Rei* de Sófocles, que están no programa de lecturas.

A Delegación Galega da Sociedade de Estudos Clásicos, pola súa banda, vén organizando estes últimos anos o pequeno concurso *Odisea* na rede, no que adoitan participar algúns alumnos de Grego. Cando salga a convocatoria, informarase dela ao alumnado adscrito a este Departamento, para apuntar aos que desexasen participar.

De maior entidade é o concurso de Cultura Grega organizado antes desde Grecia polo seu Ministerio de Educación e despois desde a sede nacional que o representa en Madrid, para os alumnos de Grego de 2º de Bacharelato, para o que podería haber candidatos, aínda que para determinalo ha de esperarse tamén a que salga a convocatoria e o seu programa. En compensación, o Departamento de Latín e Grego de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela tomou o relevo e os cursos pasados celebrou unha Olimpíada de tradución de textos clásicos, á que alumnos nosos concorreron con éxito, e que probablemente se poida repetir este novo curso.

Tamén en colaboración coa Facultade de Filoloxía da USC, poderíase organizar unha charla da profesora Teresa Amado sobre os estudos de grego e a súa grandísima repercusión no noso léxico técnico, científico e cultural en xeral, pero cita e data aínda están por concertar.

O estudo de Grego en Bacharelato convértese, neste sentido, nunha vía de especial valor e rara riqueza para ofrecer a este alumnado unha información e formación á que doutro xeito moi dificilmente teñen acceso e da que os máis deles nin sequera teñen noticia.

Moito máis ambicioso é o proxecto dunha viaxe cultural a Grecia, visitando Atenas e algúns outros puntos de gran valor turístico, arqueolóxico, histórico e cultural (Epidauro, Micenas, Tirinto, Delfos, etc.), que podería realizarse na última semana de xuño, acabados os exames, ou quizá mesmo nalgunha outra data que non trastornara aos alumnos na marcha do curso. Este Departamento non descarta a súa realización e está disposto a axudar e organizar tal viaxe, se as condicións adecuadas se materializan: o número de alumnos, as condicións económicas, as datas dispoñibles.

O proxecto realizado con moitísimo éxito en cursos pasados, e organizado por este departamento sen axuda e sen sequera ningunha colaboración económica externa, preténdese que poida levarse a cabo cada dous anos, de modo que sempre atopen oportunidade de participar os alumnos de Grego 1 e 2 en cursos alternos.

Os centros deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Fomentárase a existencia dunha biblioteca escolar, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura, como centro de referencia de recursos de lectura, de información e de aprendizaxe e como punto de encontro que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.

En apoio do Plan Lector, Grego de Bacharelato contempla dentro do seu Programa unha lista de lecturas, á marxe dos diversos e múltiples fragmentos de texto que o propio temario inclúe.

1º de Bacharelato debe realizar unha lectura por trimestre, segundo o seguinte plan:

- 1ª avaliación: Homero, *Ilíada I, VI, XVI, XXII*
- 2ª avaliación: Aristófanes, *Nubes*
- 3ª avaliación: Sófocles, *Edipo Rei*

Estas obras son as mesmas que de novo lerán en 2º de Bacharelato, aínda que entón poderán acceder a elas con maior coñecemento e madurez, o que lles permitirá unha lectura máis fácil e á vez máis completa para o seu estudo, en tanto que serán parte do programa de lecturas obrigatorio para a PAU. Así pois, 2º de Bacharelato seguirá este plan de lectura:

- antes do 20 de novembro: Homero, *Ilíada I, VI, XVI, XXII*
- antes do 20 de xaneiro: Aristófanes, *Nubes*
- antes do 20 de marzo: Sófocles, *Edipo Rei*
- antes do 20 de maio: Antoloxía de líricos arcaicos: Safo, Alceo e Anacreonte (monódica); Alcmán, Estesícoro, Íbico, Simónides, Píndaro e Baquílides (coral).

En Cultura Clásica de ESO son moitos os textos e fragmentos que ilustran cada tema. Quizá algún deles inspire unha lectura máis ampla que a que o texto en cuestión achega, pero será a marcha do grupo a que instrúa respecto diso. É bastante posible que, co estudo do teatro clásico no tema correspondente, encoméndese a cada alumno a lectura dunha comedia ou traxedia dalgún autor dos estudados. E co estudo da mitoloxía tamén atoparán material de lectura abundante para todos os estilos e gustos.

13. ACTUACIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN TIC



En aras da educación dixital, promoverase o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Son moi numerosos os recursos educativos para Grego ou para Cultura Clásica na rede, e moi abundante todo tipo de información relacionada cos asuntos do temario. De modo que a miúdo os alumnos terán que usar a rede para ampliar coñecementos a partir de exercicios que lles serán encomendados en clase. Por outra banda, establécese unha comunicación dinámica entre alumno e profesor, pois certas tarefas serán enviadas a través do *e-mail* ou mediante a aula virtual.

En Grego de Bacharelato en particular, os alumnos deben aprender a utilizar o seu computador para a escritura de textos gregos en caracteres *Unicode* do sistema politónico, ata que asimilen a distinta distribución do teclado grego e as fontes adecuadas para iso. Por outra banda, o concurso *Odisea*, para aqueles alumnos que estean interesados, só pode realizarse na *web*.

Determinados materiais complementarios para a explicación en clase requiren soporte audiovisual que fará necesario o computador e canón de proxección ou, no seu caso, lousa dixital. A utilización das TIC realizarase atendendo a criterios varios, como:

- presentacións en *PowerPoint* sobre diferentes aspectos do mundo clásico
- visitas virtuais a museos e recintos arqueolóxicos de interese tanto gregos como latinos
- utilización do correo electrónico entre profesor e alumnos para intercambio de exercicios e documentos útiles para a materia
- utilización da *web* para acceder a documentos, mapas, cronoloxías, calendarios

14. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN



Unha vez terminado o curso, e de acordo cos asuntos que se reflectirán na Memoria, realizarase unha revisión e avaliación da Programación, que permitirá cambiar ou matizar aqueles puntos que pareza procedente para cursos vindeiros atendendo aos resultados académicos e os procesos de mellora. Para tal avaliación, consideraranse os seguintes aspectos:

	moi pouco	pouco	regular	ben	moito
	0-2	3-4	5-6	7-8	9-10
1	cúmpanse os obxectivos do programa				
2	adécuese a marcha do curso ao calendario proposto				
3	o grupo avalía positivamente o temario				
4	os obxectivos reflíctense nos contidos de exame				
5	cúmpanse o plan lector				
6	cúmpanse o plan TIC				
7	as notas globais do curso foron satisfactorias				

Pontevedra, 14 de setembro de 2018

Ado.: Juan Gil Mayoral